

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	IES Terra de Trasancos	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Educación física	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

1. Introducción

A presente programación didáctica está contextualizada na etapa de Bacharelato. Nesta etapa, a Educación Física está presente unicamente no primeiro curso, cunha carga lectiva de tres horas semanais, por tanto, en principio, será o último contacto que terá o alumnado con contidos propios da materia.

O carácter propedéutico da materia neste nivel favorecerá o achegamento do alumnado a unha serie de profesións vinculadas co deporte, así como novas posibilidades de estudo, xa sexa no ámbito universitario, no da Formación Profesional ou no dos Ensinos Deportivos.

Independentemente dos estudos que continúe o alumnado, a materia busca capacitar ao alumnado na programación autónoma e a autorregulación da súa práctica física, así como consolidar un estilo de vida activo e saudable ao longo da súa vida.

A Programación Didáctica consta de 12 Unidades Didácticas. Destas, a Unidade Didáctica 1 -O coidado do corpo. Alimentación saudable, educación postural, o autoconcepto e a autoestima, a imaxe percibida-, é unha unidade didáctica transversal que favorece o tratamento dos seus contidos nas once unidades didácticas restantes, adaptando os contidos xenéricos ás especificidades do resto de unidades.

O IES Terra de Trasancos está situado no concello de Narón, con un núcleo urbano importante, pero tamén con moitas parroquias rurais. O Centro está ben comunicado e en xeral, con boa dotación material e tecnolóxico, pero as características do IES, Terra de Trasancos, condiciona a elección das actividades. Para impartir a materia dispoñemos dun pequeno ximnasio,, unha pista, ademais do acceso a o Pavillón polideportivo próximo o centro, pero do que hai que sair para acceder, cruzando a rúa e tendo que levar e traer o alumnado. O instituto comparte o pavillón de deportes do concello co IES As Telleiras o que obriga a ter que impartir as clases dous profesores o mesmo tempo (sen separación física de mamparas ou cortinas), tendo clase na pista de deportes, algunhas horas, máis de cincuenta alumnos. O pavillón é idóneo para impartir certos contidos pero non é suficiente para algúns deportes de equipo o ter só un cesto ou unha soa portería. A pista do instituto(exterior e non cuberta),con gradas e demarcada para f.sala, volei e pequeno campo baloncesto, non drena ben e tarda moito tempo en secar polo que hai que ir a forza ao pavillón, cando chove. Temos campo que a rodea, pero é irregular e dependemos de que veñan a cortala os de mantemento do Axuntamento.

O ximnasio ten a altura dunha aula polo que moitos contidos non poden levarse a cabo, . Tamén ten nas paredes radiadores. Dispoñemos de aulas complementarias (informática..) as que podemos acceder para contidos complementarios.

No entorno do centro e difícil desenrolar contidos por estar rodeado de carretera e parada dos buses.

Os cursos de Bacharelato, este ano son dous: 1º BACH A con 26 alumn@s e 1º BACH B con 32,

Son alumnos en xeral con boa actitude, moitos deles fan actividades deportivas regradas , con nivel de condición física medio-alto procedentes tanto de cursos ESO no centro como de fora..En principio, sen nengunha problemática que supoña adaptacións significativas, pero a avaliar as primeiras semanas de clase.

A profesora que imparte a materia de E.Física é Mª Teresa Blanco Martínez, sendo tamén Xefa de departamento.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliábeis, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física.			2-5	1-4	11-12-50		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					12-40		2-3	
OBX3 - Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia.	5	3			11-20-50	3		
OBX4 - Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten.		3	5		12	1		1
OBX5 - Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade.			5		12-20	4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O coidado do corpo. Alimentación saudable, educación postural, o autoconceito e a autoestima, a imaxe percibida. Saídas profesionais.	UD de tipo transversal que permitirá traballar distintos contidos ao longo do curso, adaptándoos ás especificidades de cada unha das demais UDD.	4	4	X	X	X
2	Autoavaliación da condición física saudable.	Nesta UD o alumnado debe aprender a avaliar e interpretar o estado da súa condición física saudable, empregando distintas probas/test, así como aplicacións específicas. Esta valoración farase en función tanto dos seus intereses, características particulares como da práctica física que teñan pensado desenvolver.	12	6	X		X
3	Planificación da actividade físico-deportiva para a saúde.	Nesta UD o alumnado aprenderá, dende a práctica, a planificar o seu propio plan de adestramento en función dos resultados da autoavaliación realizada na UD anterior, das propias características e dos obxectivos que se propoña. Centrarase principalmente na musculatura lumbo-pélvica pola súa relación directa coa saúde musculoesquelética do resto do corpo e na mellorara e mantemento da capacidade aeróbica e anaeróbica e por ende, da mellora dasúa capacidade cardio-respiratoria para mater esforzos de media/larga duración de intesidade media.	12	12	X		
4	Prevención de accidentes nas prácticas motrices e primeiros auxilios.	Nesta UD o alumnado aprenderá a anticiparse aos riscos e lesións derivadas das diversas prácticas motrices e de vida diaria, e tentará dominar os protocolos de intervención ante situacións críticas ou accidentes (PAS, DEA, DESA, RCP, entre outros).	6	8	X		
5	Deportes de loita.	Nesta UD o alumnado practicará algunhas das técnicas básicas dos deportes de loita, tanto de modalidades autóctonas como doutras modalidades máis coñecidas.	3	6	X		
6	As actividades acrobáticas: Acroesport V	Nesta UD o alumnado deberá afrontar e tentar resolver diferentes desafíos físicos, tanto de xeito individual como colectivo e desenvolver diversas habilidades, características das actividades acrobáticas e ximnásticas, a través do acroesport, desenvolvendo actividades de colabaráción	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As actividades acrobáticas: Acroesport V	e cooperativas a través de montaxes grupais.	10	12		X	
7	Dramatización e actividades de ritmo e expresión corporal: Bailes de salón e modernos.	Nesta UD didáctica o alumnado traballará técnicas de expresión corporal, dramatización, e actividades rítmicas, desenvolvendo ao final da mesma unha coreografía grupal .	10	12		X	
8	Padel e Bádmintón: actividades de raqueta.	Nesta UD o alumnado traballará un /s deporte/s de rede, neste caso: Bádmintón ou Padel. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios.	10	10		X	
9	Deportes colectivos: Voleibol	Nesta UD o alumnado traballará un deporte colectivo, neste caso o Voleibol. Repasará e de ser o caso, profundizará na lóxica do xogo e nos elementos técnicos, tácticos e regulamentarios.	12	12			X
10	Xogos tradicionais e populares.	Nesta UD o alumnado practicará algúns dos deportes tradicionais e populares, tanto autóctonos como doutras rexións do mundo.	4	6			X
11	Orientación.	Nesta UD o alumnado profundizará nos coñecementos e técnicas de Orientación, tanto no ámbito urbán como no medio natural.	9	9			X
12	A animación socio-deportiva no medio urbano e natural.	Nesta UD o alumnado practicará, en función das posibilidades da contorna e do centro, actividades no medio natural, como o sendeirismo; ou no medio urbán, como o crossfit, actividades acuáticas, ..etc, como medio da práctica da actividade físico-deportiva noutros contornos ou no tempo de lecer e como coñecemento do entorno próximo.	8	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O coidado do corpo. Alimentación saudable, educación postural, o autoconceito e a autoestima, a imaxe percibida. Saídas profesionais.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, alimentación saudable e educ. postural durante a práctica de actividades motrices, mostrando os coñecementos básicos de nutrición saudable, educación postural/ hixiene e autorregulación/dosificación do esforzo nunha proba escrita.	PE	50
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actuar de forma crítica e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Relacionarse co resto de participantes facendo uso do diálogo na resolución de conflitos, respectando a diversidade de competencia motriz e situándose fronte aos estereotipos e a violencia.	TI	50
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender a influencia social das manifestacións motrices actuais máis relevantes, rexeitando os compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física. - Profesións vinculadas á actividade física e á saúde. - Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais. - Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física. - Saúde social. - Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva. - Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde. - Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional. - Saúde mental. - Trastornos vinculados coa imaxe corporal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais. - Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais. - Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte. - Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade. - Mercado, consumismo e deporte. - Saídas profesionais no ámbito deportivo.

UD	Título da UD	Duración
2	Autoavaliación da condición física saudable.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	Avaliar de maneira autónoma as diferentes capacidades físicas relacionadas coa saúde, segundo as necesidades e os propios intereses individuais a través da elaboración planificación autónoma dun programa de activ. física, completando un rexistro de autoevaluación de test de c. física de 3 controis	TI	100
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actuar de forma crítica ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos á información recibida.		
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Empregar autónomamente aplicacións dixitais relacionadas coa avaliación da condición física, e respectar a privacidade e as medidas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración. - Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal. - Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados. - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física. - Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.

UD	Título da UD	Duración
3	Planificación da actividade físico-deportiva para a saúde.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	Poñer en práctica autónomamente un programa persoal de A.F. dirixido ao mantemento da propia saúde, aplicando sistemas de desenvolvemento das c. físicas, avaliando os resultados obtidos, de 1 mes de duración, detallando fases do programa, exercicios en cada fase, así como períodos de recuperación.	PE	70
CA1.3 - Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	Actuar de forma crítica ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos á información recibida.	TI	30
CA1.4 - Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	Empregar autónomamente aplicacións dixitais relacionadas coa planificación da A. Físico-deportiva para a saúde, e respectar a privacidade e as medidas de seguridade sobre á difusión de datos persoais.		
CA2.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Xestionar autónomamente calquera imprevisto nas medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva.		
CA2.3 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Mostrar iniciativa durante o desenvolvemento de plans de adestramento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física.
- Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.
- Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.
- Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.
- Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.
- Sistemas de adestramento.
- Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Técnicas básicas de descarga postural e relaxación.
- Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.
- Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza.
- Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.
- Saúde mental.
- Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.
- Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
- Selección responsable e sustentable do material deportivo.
- Análise crítica de estratexias publicitarias.
- Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.

UD	Título da UD	Duración
4	Prevención de accidentes nas prácticas motrices e primeiros auxilios.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	Coñecer e implementar de maneira autónoma medidas específicas para a prevención de lesións e aplicar os primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, mostrando os coñecementos básicos mediante proba escrita e situación de simulación dun accidente.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Prevención de accidentes nas prácticas motrices. - Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade. - Protocolos ante alertas escolares. - Actuacións críticas ante accidentes. - Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer. - Desprazamentos e transporte de accidentados. - Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA). - Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar). - Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares). - Contido básico de caixa de primeiros auxilios.

UD	Título da UD	Duración
5	Deportes de loita.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Solucionar autonomamente situacións de oposición con fluidez, precisión e control, aplicando automaticamente procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación.	TI	100
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Toma de decisións.
- Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais.
- Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición.
- Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.
- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
6	As actividades acrobáticas: Acroesport V	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos nas actividades acrobáticas e ximnásticas, o realizar unha ficha teórica de traballo, mostrando os coñecementos básicos do acroesport.	PE	10
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, realizando un montaxe de acroesport grupal (gran grupo), cun soporte musical e escénico básico	TI	90

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Solucionar de forma autónoma situacións de colaboración en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control.		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
7	Dramatización e actividades de ritmo e expresión corporal: Bailes de salón e modernos.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Practicar actividades motrices de dramatización, expresión corporal e rítmica desde a perspectiva do gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, realizando un montaxe de baile grupal ou en parellas, rítmico-expresivo, dun baile escollido.	TI	100
CA5.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas, realizando un montaxe de baile grupal ou en parellas, rítmico-expresivo, dun baile escollido.	Organizar actividades motrices de dramatización adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas, realizando un montaxe de baile grupal ou en parellas, rítmico-expresivo, dun baile escollido.		
CA5.3 - Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con con base musical ante as súas compañeiras e compañeiros, e aplicar as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición, mediante a realización dunha coreografía de baile propia en parella o grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva.

UD	Título da UD	Duración
8	Padel e Bádmintón: actividades de raqueta.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos, e identificar os erros comúns, mediante ficha teórica, mostrando os coñecementos técnico-tácticos básicos e regulamentarios do bádmiton e padel.	PE	15
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Coñecer e practicar os elementos técnicos, tácticos e regulamentarios do padel e bádmitón	TI	85
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Adaptar a propia intervención respecto da do/a rival con fluidez, precisión e control, e aplicar os procesos de percepción, decisión e execución en situacións reais de práctica, mediante unha situación de xogo real por parellas ou dobres, en pequeno partido de 10 minutos		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		
CA4.3 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Comprender e contextualizar a influencia cultural e social do padel e bádmitón, no panorama actual, e coñecer a súa orixe e evolución ata a actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.

Contidos

- Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.
- Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.
- Medidas para fomentar a igualdade no deporte.
- Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
9	Deportes colectivos: Voleibol	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	Identificar os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas. no Voleibol, mostrando os coñecementos básicos na resolución nunha ficha teórica de traballo sobre os conceptos traballados.	PE	20
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo, xestionando autonomamente calquera situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente e axustada aos obxectivos.	TI	80
CA3.2 - Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	Aplicar de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica do voleibol, mediante unha situación de xogo real de 2 equipos, en pequeno partido de 10 minutos		
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de situacións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de xogo real.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas. - Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

UD	Título da UD	Duración
10	Xogos tradicionais e populares.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	Perfeccionar as habilidades específicas dos xogos tradicionais e populares practicados.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	Coñecer e practicar xogos tradicionais e populares de Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes.

UD	Título da UD	Duración
11	Orientación.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano e actividades de orientación e asumir responsabilidades e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas, organizando por equipos, unha actividade no medio natural de orientación.	PE	40
CA3.4 - Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos motrices.		
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Respectar a diversidade de competencia motriz do resto de participantes durante o desenvolvemento da práctica motriz e facer uso das habilidades sociais na resolución de conflitos.	TI	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas e minimizar o impacto ambiental que estas poidan producir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Toma de decisións. - Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais. - Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica. - Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas. - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura. - Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades. - Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo. - Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas. - Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física. - Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

UD	Título da UD	Duración
12	A animación socio-deportiva no medio urbano e natural.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	Organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, e analizar os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo., organizando unha actividade de práctica de un día no medio natural ou acuático, detallando o proceso, actividades, medios, materiais, tempo e lugar e custo.	PE	10
CA4.2 - Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de prácticas motrices, e respetar a diversidade de competencia motriz.		
CA6.1 - Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas e minimizar o impacto ambiental que estas poidan producir.	TI	90
CA6.2 - Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumir responsabilidades e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas. - Medidas para fomentar a igualdade no deporte. - Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraje, persoal técnico, participante, público e outros. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sostible en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura. - Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades. - Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo. - Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas. - Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.

Contidos

- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa. Aínda tendo en conta todo o anterior, de forma global, buscaremos estilos que fomenten a autonomía do propio alumn@

2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

Todo o anterior, tendo en conta que aínda que a situación sanitaria mellorou, manteremos as recomendacións sanitarias de hixiene e ventilación e na medida do posible, traballo en exterior e sempre pendentes de que a

situación sanitaria non empeore e se teñan que aplicar novos protocolos COVID.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscribíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estancia no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que

coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, preténdese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente e deixada da mochila para cambiarse. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre, e o alumno dispondrá dun marxe de entre 5-7 minutos para finalizada a clase, asearse e cambiarse de roupa e trasladarse a aula que lle corresponda.

Os traslados o Pabillón exterior, sempre se faran en compañía da profesora, nunca polos alumnos, sen estar a profesora presente. Igualmente a pista do centro e o ximnasio ou aulas especiais (informática, biblioteca) de usalas.

Cambio de Roupa: O alumnado, para aforrar tempo, virá cando lle toque E:F xa coa roupa axeitada para facela, se non fose así, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa e calzado axeitado para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario e o finalizar a sesión deberá cambiarse igualmente.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa, que sempre será obrigatorio, traendo para isto; outra muda, toalla, desodorante e xabón ou xel. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión. Non se concederá máis tempo do establecido, e calquera demora no vestuario, será falta de puntualidade, antes ou despóis.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar. Os alumnos exentos de práctica colaboraran igualmente. Cada alumn@ é responsable do material que se lle asigna, e debe devolvelo él/ela mesmo, así como do seu correcto uso (de non ser así, pagará o material que dane ou estropee).

So a profesora é quen decide que material e cando se colle ou garda, e da permiso para collelo.

Os alumnos exentos de práctica, seguirán as mesmas indicacións que os demais, colaborando na recollida da clase, e na organización,(según indicacións da profesora) da mesma.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico da materia,dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso. (específico de actividade físico-deportiva funxible e fixo: balóns, raquetas, cordas..., bancos suecos, colchonetas, canastas..)
Apuntes/ fichas elaborados pola persoa docente. e material complementario relacionado coa actividade física, deporte e saúde. na aula virtual da materia
Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe. (webs, blogs..), web do centro educativo .,apps, .
Redes sociais, aplicacións específicas(relacionadas coa actividade físico-deportiva e a saúde), podcast, etc.
Material bibliográfico do departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...
Canón de proxección e ordadores de aula e aulas específicas (informática) e ordenador da profesora.

Instalacións deportivas: ximnasio do centro, pista exterior do instituto, pavillón de deportes do Concello "As Lagoas" e material fixo das propias instalacións:porterias, canastas, espaldeiras, gradas, bancos..
Pantalla de proxección do hall do instituto (proxección de contidos, actividades, etc)
Material específico de filmación (camaras..) e montaxe e sistemas de control específico, seguimento..da actividade física: reloxos intelixentes, móbil (ocasionalmente<9..
Material de autoconstrucción e alternativo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados :tanto probas escritas(sobre contidos xerais da materia , test prácticos de autoevaluación (nivel condición física, grado habilidad o dominio técnico..), como observación directa ou mediante taboas de indicadores ou rúbricas, de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais ou teóricos na aula virtual.

Os criterios da avaliación inicial e as pautas para realizala, serán explicados o alumnado antes da realización da mesma

O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	12	12	6	3	10	10	10	12	4
Proba escrita	50	0	70	100	0	10	0	15	20	0
Táboa de indicadores	50	100	30	0	100	90	100	85	80	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	8	100
Proba escrita	40	10	26
Táboa de indicadores	60	90	74

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 12 UD, a primeira delas de carácter transversal. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 30%; a 5, 6, 7 e 8 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 33%, e a 9, 10, 11 e 12 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 34%. No número de sesións asignado a cada UD contéplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma. Tanto o peso como as sesións da UD 1, repártense entre cada trimestre, xa que nesta UD impartiranse contidos adaptados a cada unha das demais UU.DD, así o peso definitivo por trimestre será, 31, 34 e 35% respectivamente.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 4,2%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

Nos criterios de avaliación de cada trimestre,realizarase unha síntese e valoración de todas as notas procedentes dos tres ámbitos de actuación dos alumnos: teórico, práctico e actitudinal. Para obter a nota de avaliación , medírase o nivel de logro acadado nos estándares de aprendizaxe incluídos na avaliación.

*Os niveis de logro referido a parte actitudinal (10% comportamento , 10%participación e actitude,10% hábitos hixiénicos e 10%asistencia)valen un 40% .(avaliados a través deobservación directa da profesora, caderno da profesora, táboas de indicadores, rúbricas...)

* Os niveis de logro referidos as probas teóricas (fichas aula virtual, exames,exposicións, traballos...) valen un máximo dun 30%(cada proba individual, puntuase de 1 a 10 e logo se fai a media aritmética e a equivalencia dentro de este porcentaxe.

* Os referidos a parte práctica: probas prácticas, test, probas de habilidades deportivas, coeográficas ou montaxes, organización de actividades no medio natural... (avaliados a través de táboas de indicadores ou rúbricas, que rexistran a execución ou baremación de probas prácticas diversas) un 30%, igualmente cada proba puntua de 1 a 10 e logo se fai a media aritmética e a equivalencia de este porcentaxe... As ponderacións de cada proba, será previamente explicada o alumno e están sinaladas nos porcentaxes das diversas táboas de indicadores expostos na aula virtual en cada trimestre e U.D

En cada un dos niveis, hai que acadar polo menos a nota de 3 para poder facer media e optar ao aprobado do trimestre. Ter algún nivel/parte de 0 ou menos de 3, supón suspender o trimestre, aínda que as partes restantes derán para aprobar.

. Dos estándares de práctica que non se fan exames, a valoración correspóndelle ao apartado de traballo/participación/esfuerzo en clase, é dicir, da actitude , que asumiría o seu porcentaxe na ponderación da avaliación correspondente. De igual forma, os estándares de teoría nos que non hai proba práctica avaliada con táboa de indicadores a valoración correspóndelle ao apartado de traballo/participación/esfuerzo en clase, é dicir, da actitude , que asumiría o seu porcentaxe na ponderación da avaliación correspondente.

OUTROS ASPECTOS DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Con catro días sen asearse (cambio mínimo de camiseta e aseo) ou non facer a práctica sen xustificar debidamente no trimestre : faltas de asistencia, roupa, saúde.: Suspende a avaliación.
- Cada día sen facer a práctica sen xustifica adecuadamente:Baixa nota 0,5puntos.
- Falta de roupa e/ou calzado deportivo :Baixa a nota 0,5 puntos.
- Cada día que non se asee(cambio mínimo de camiseta o finalizar e aseo)/duche: Baixa nota 0,5
- Negarse a facer a tarefa/s proposta: Cero no estandar e pode suspender a avaliación se a actitude permace.
- Sen a roupa/calzado axeitado (deportivo):Non se fan os exames/probas. Non se fai esa sesión/clase.
- Cada comportamento disruptivo ou irrespetuoso na clase, ademáis da sanción que corresponda según regramento de reximen interno: desconta 0,5 menos.

-Cunha nota de 0/ ou menos de 3 nunha avaliación/trimestre: Faise recuperación, aínda que a media total, na final, de aprobado.

As taboas de indicadores rexistraran mediante escalas de valoración, tanto os comportamentos actitudinais (participación, esforzo, interese..) respecto as regras como escalas de valoración de estándares prácticos e de traballos teóricos (baixado de internet, presentación..) mediante rúbricas e outros aspectos de criterios de cualificación (días de falta de práctica ou falta de roupa axeitada sen xustificar). Estarán rexistradas no caderno do profesor e tamén algunhas delas, expostas na aula virtual en cada trimestre e serán explicadas pola profesora no inicio da U.D e clases previas.

A cualificación da avaliación final ordinaria da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral, tendo en conta, de ser o caso, a cualificación obtida logo das recuperacións das UU.DD. e da avaliación trimestral, no período destinado as actividades de recuperación . No período destinado a actividades de recuperación, reforzo e ampliación antes da avaliación final de Xunio, se realizarán as recuperación dos contidos suspensos de cada U.D o da U.D na súa totalidade se é o caso, non de todo o trimestre, aínda que este estivera suspenso. Se se aproban, se considerará aprobada a materia, na final de Xunio, se non é así, na avaliación final de Xunio o alumno se examinará de todos os contidos da materia de E.Física, tanto teóricos como prácticos.

O valor numérico da nota irá dende o 0 ao 10, redondeando á unidade máis próxima , (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba) este redondeo só se aplicará na nota da avaliación final da materia (Xunio), nunca en cada trimestre, e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar un 5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas(fichas aula virtual e escritas, exames, traballos, exposicións..) , como prácticas, avaliadas a través da observación directa por parte da persoa docente a través de taboas de indicadores (rúbricas, escalas de baremación probas físicas..) , que se usaran tamén para o rexistro do nivel de logro da parte actitudinal e participativa..

As probas escritas poderán ser fichas de traballo do alumno na aula virtual da materia, exames tipo test, de resposta curta o de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos , exposicións. Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado (aínda que non o único) será a observación directa a través de taboas de indicadores de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse probas teóricas(fichas, exames..), caderno, traballos de colaboración e organización de actividades relacionadas coa materia e na propia clase de E. Física, rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é maioritariamente a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas(fichas de traballo e planificación de exercicio, autoevaluación, exames, traballos escritos...).

Criterios xerais de avaliación e cualificación dos estándares actitudinais para bacharelato:

1. Cumprir as normas de clase
2. Cumprir as regras dos xogos e deportes.
3. Utilizar correctamente o material didáctico e deberá repoñelo no caso de rachalo para poder aprobar.
4. Coidar as instalacións deportivas.
5. Colaborar no traslado, instalación e recollida do material de Ed. Física.
6. Mostrar unha actitude non discriminatoria cos compañeiros, nin pola súa capacidade, seu sexo ou calquera outro motivo.
7. Participar activamente nas actividades de clase. Valórase o traballo diario, o esforzo, na realización dos exercicios e actividades da sesión.

8. Mostrar unha actitude de respecto ca profesora e cos compañeiros.
9. Valórase o interese e a responsabilidade polas tarefas a desenrolar.
10. Levar a cabo as medidas de seguridade: non mascar chicle, realizar exercicios que non estean nas actividades da sesión, quitar as xoias e o reloxo e recoller o pelo, seguir as indicacións sobre apoios, distancias, agarres, etc.

RÚBRICA: ESCALA DE VALORACIÓN ESTÁNDARES ACTITUDINAIS BACHARELATO

Conduta observada:

Cumpre as normas de clase e as regras dos xogos.

Coida e usa correctamente o material e as instalacións

Coopera e colabora no traslado, instalación e recollida do material.

Non discrimina a seus compañeiros pola súa capacidade, sexo, amizade..

Participa activamente nas tarefas propostas. Non facela cero na valoración final.

Traballa acotío nos exercicios e actividades das sesións. (Maior valoración).

Mostra interese polos traballos a realizar

Leva a cabo as medidas de seguridade indicadas

Mostra respecto pola profesora e compañeiros, non mostrando mala educación nin conductas disruptivas.

Escala de valoración:

Moi pouco: 0,5

pouco/algo: 1

suficiente:2

bastante:3

moito:4

CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DOS ESTÁNDARES DE TEORÍA BACHARELATO:

1. Presentar os traballos na data sinalada. Non se recollen outro día.
2. Realizar na aula virtual e entregar unicamente por esta vía (só por aviso expreso da profesora se requirirá outra vía de entrega), os traballos ou fichas teórico-prácticas de cada U.D requirida, na data sinalada e cos criterios indicados en forma e tempo para cada tarefa. Non se admiten por usb, nin enviadas en outro formato que non sea pdf, (para poder correxilas on-line),
3. Realizar os traballos: limpos, sen tachas e cas follas sen arrogas.
4. Valórase a presentación: portada, organización dos contidos, índice, bibliografía ou webgrafía, etc.
5. Realizar os traballos cumprindo as indicacións que se sinalen: límite de follas ou caras, contidos especificados, exemplos, debuxos, esquema.
6. Os traballos que requiran entrega física, pódense realizar a man ou no ordenador, teñen a mesma valoración.
7. Os traballos non poden baixarse de internet, nin facerse con ¿copiar e pegar¿. Hai que seleccionar a información e elaborar o texto.
8. Para poder aprobar, deberán figurar os aspectos básicos dos contidos que se indican.
9. Cando na mesma avaliación se fagan varios traballos, terán un valor do 50 % da nota cada un deles excepto que se indique outra valoración
10. Cando o alumno non realiza o exame, deberá xustificar ¿convenientemente¿ a falta de asistencia para poder facer o exame outro día. A xustificación deberá presentarse ao día seguinte a data do exame.
11. Os exames ou probas escritas, teñen un tempo de execución unicamente correspondente a sesión de clase. Calquera actitude disruptiva, por parte dun alumn@/s, sospeitosa de fraude ou copia con calquera dispositivo ou formato alleo o propio exame, levará consigo a retirada inmediata do mesmo e a inmediata calificación de 0 para os estándares avaliados nesa proba, sen opción a repetilo.
12. As consultas na aula virtual, sobre os contidos, dúbidas, etc, se farán UNICAMENTE POLO PROPIO ALUMN@ no seu espacio (NIN OUTROS ALUMNOS, NIN PAIS/NAIS) e DITA AULA SERÁ SÓ PARA O TRABALLO E CONSULTA DOS MESMOS CON A PROFESORA, NUNCA COMO CHAT CON COMPAÑEIROS OU PARA COMENTARIOS OU USO INADECUADO DE OUTROS TEMAS ALLEOS A MATERIA DE E.F . CALQUERA CONDUCTA NON ADECUADA, SERÁ SANCIONADA E CONLEVARA UNHA VALORACIÓN NEGATIVA NOS ESTÁNDARES CORRESPONDIENTES.
13. Cando o alumno non entrega o traballo na data indicada por falta de asistencia, farao ao día seguinte, tendo a ausencia debidamente xustificada.
14. As recuperacións dos exames e traballos fanse en Xuño.

RUBRICA: TRABALLOS ESCRITOS /FICHAS AULA VIRTUAL Bch

Suspenseo Baixado de internet .Maioría copiar e pegar. Presentación mal sucio, arrogado, con tachas. Faltan contidos pedidos na ficha ou traballo.

Aprobado Algo de copiar e pegar. Presentación Breve. Presentación regular. Contidos mínimos desenvolvidos.
Ben a notable Usa moi pouco copiar e pegar. Extensión axeitada. Presentación aceptable. Contidos desenvolvidos suficientes
Sobresaliente Selecciona información. Extensión máxima. Presentación ben ou moi ben e Contidos desenvolvidos completos

ESTÁNDARES SOBRE PROBA TEÓRICA FICHAS/TRABALLOS- ESCALA DE CUALIFICACIÓN/RÚBRICA

Contidos 4

Presentación (portada. Índice, estrutura, bibliografía/webgrafía 2

Adxunta fotos ou debuxos 1

Selección da información 2

Elaboración do texto 1

*Criterios xerais de avaliación e cualificación dos estándares de práctica bacharelato.

1. O inicio das avaliacións os profesores informan dos criterios a seguir e das probas/exames que se van realizar.
2. Os baremos e as escalas de cualificación son consultadas polos alumnos antes e despois de facer as probas, e estarán na aula virtual da materia.
3. Probas prácticas similares, serán feitos con anterioridade na clase.
4. As probas/exames faranse nas mesmas condicións, sempre que sexa posible, dependendo da dispoñibilidade do pavillón de deportes.
5. Se non se cumpren as regras/normas sinalados para a realización do exame, será proba nula e a nota será cero sen opción a repetila.
6. Se o alumn@ non realiza a proba do exame cando lle toca por orde (no seu turno) quedará sen facer o exame.
7. Se o alumn@ non realiza algunha proba por un problema de saúde ou doutro tipo, e non presenta no mesmo día a xustificación dos pais ou tutores ou do médico, queda sen facer o exame. Considérase falta de material. Non se fará outro día, salvo situacións moi excepcionais.
8. Cando o alumn@ non trae o material necesario (calzado e/ou roupa deportiva) non poderá facer o exame. Tampouco o fará outro día. Sen material non se fan as actividades da sesión.
9. A profesora nomea as parellas ou grupos para facer os exames que requiran estes agrupamentos.

*ALUMN@S EXENTOS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS (PARTE PRÁCTICA)

XUSTIFICANTES

- O alumno que non pode realizar ningunha das actividades físicas da programación didáctica, tanto temporalmente como en todo o curso, deberá presentar un certificado médico oficial ou un xustificante do médico especialista. No xustificante médico deberá figurar o diagnóstico e as actividades físicas que non pode realizar, ou se o caso, a exención da práctica e a súa xustificación e por canto tempo. Igualmente, será só o médico, quen autorice a incorporación a práctica

Cando a situación sexa ao inicio de curso o prazo de presentación é de un par de semanas.

No caso de que o problema fose crónico non é necesario presentar o xustificante en todos os cursos.

PROTOCOLO NA CLASE

Cos alumno que non poden facer ningunha actividade física dos estándares da avaliación farase máis fincapé en temas conceptuais ou farán actividades alternativas(colaboración na organización e desenvolvemento da clase, organización actividades..).

O alumno tomará nota nun caderno do que se faga en clase: quentamento, método de adestramento empregado na sesión, músculos traballados, etc. que deberá presentar ao final da avaliación e realizar un traballo escrito sobre os estándares da avaliación levando a cabo un proceso de recollida de información dos estándares correspondentes os contidos prácticos non realizados, realizará ademais probas teóricas, traballos e fichas teóricas da aula virtual correspondente a os estándares da U.D, igual que o resto do alumnado, así como probas sobre os contidos prácticos que non poida realizar. Atendendo as diferentes limitacións que teña o alumno tómanse medidas:

sobre a adaptación do material, sobre os criterios de agrupamento, sobre o reparto de tarefas,

sobre a intensidade do esforzo,

sobre a organización dos xogo e deportes, sobre a duración da actividade,

sobre as pausas de recuperación, sobre o establecemento de axudas, sobre a exercicios alternativos,

sobre a alternancia de exercicios e actividades, etc. Establécense varios niveis de dificultade.

Fórmanse grupos con diferentes niveis de aprendizaxe.

Cando coas as posibles medidas a tomar non é abondo faise unha ACI.

AVALIACIÓN:

PORCENTAXES

Para facer o cálculo da nota da avaliación, establécense as seguintes porcentaxes: Aspectos actitudinais 30 % Aspectos conceptuais 60 (caderno/ traballo escrito/fichas), Exame/traballo de avaliación 20 % en bacharelato.

Se se dera o caso de que un alumno non aprobara na convocatoria ordinaria deberá presentar os traballos escritos/caderno/ fichas e facer o exame escrito na convocatoria final. A valoración será a seguinte:

Exame escrito 30 % en bacharelato

Traballos/caderno/ fichas: 70 % en bacharelato

No caso dos alumno que teñen que recuperar e nese momento presenta un xustificante médico fará o indicado aos alumnos exentos da parte práctica nesa avaliación.

MÍNIMO PARA O APROBADO

Para poder aprobar o alumno deberá presentar as fichas teóricas da aula virtual correspondientes a cada U.D traballadas. Na convocatoria final é necesario que presente tres traballos escritos un de cada unha das avaliacións.

PROTOCOLO NAS PROBAS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os alumnos que teñan unha doenza, lesión, etc. crónica ou temporal, non farán as probas prácticas ata súa total recuperación e nunca pode ser antes da data indicada no xustificante médico.

Tampouco faranse os exames prácticos se non practicaron igual que os outros alumnos. Nestes casos farán traballo escrito.

Ante unha dificultade ou limitación para o desenrolo do estándar, ao alumno se lle avaliará por traballo escrito.

Se o alumno pode realizar unha proba práctica dalgún estándar da avaliación ao non ter ningunha dificultade e tampouco ter limitacións para facer as actividades xa que pode desenrolar o estándar con total normalidade, se lle avalía por ese estándar, por esa proba e non ten que facer traballo escrito.

Cando os alumnos non van ser avaliados non farán a proba.

Nos estándares que teñen asinadas varias probas e o alumno pode realizar a primeira delas, fará un traballo escrito que terá un valor igual ao da proba segunda (ata chegar ao dez). Nalgúns casos hai que superar a 1ª proba.

Exceptuando o anteriormente sinalado, estes alumnos terán as mesmas obrigas que os seus compañeiros, e se seguiran con eles os mesmos criterios de rutinas, normas de clase, etc., as modificacións, adaptacións, consideracións, so farán referencia a parte práctica.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UD. non superadas: - Logo de rematar a UD podra propoñerse ao alumnado que non a superou actividades de reforzo-recuperación, supervisadas pola profesora no período destinado a actividades de recuperación en Xunio. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre. Para recuperar a avaliación trimestral: - Deberá recuperar unicamente as UD. que non teña superadas, no período de curso destinado as actividades de recuperación, reforzo e ampliación en Xunio. De non ser recuperadas, irá con todo o contido da materia a a avaliación final de Xunio. A profesora propondrá actividades de recuperación ao alumnado que serán supervisadas por ela en sesións de E.Física. Nalgúns casos, segundo as características dos contidos e a situación do alumnado, poderase propor ao mesmo a realización de traballos escritos. Para superar a avaliación final extraordinaria: - O alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, realizará actividades de recuperación no período que vai dende a avaliación final ordinaria á avaliación final extraordinaria. A parte práctica de estas u.d, será avaliada por observación directa do profesorado a través de táboas de indicadores diversas e probas escritas e entrega de fichas da aula virtual da materia e, no caso de considerar que acada o mínimo de consecución, daranse por superadas. - O alumnado que logo de facer as recuperacións das avaliacións trimestrais, e logo de transcorrer o período entre avaliación final ordinaria e extraordinaria non recuperou algunha delas, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non superados, que serán de toda a materia de E.F. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderase propor tamén proba escrita ou traballos escritos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que promocionou a 2º de Bacharelato coa materia de Educación Física pendente elaborárase un plan de recuperación personalizado. Neste plan farase constar, ademais dos apartados establecidos normativamente, os mínimos de consecución que o alumnado ten pendentes de superar, e de ser o caso, as UU.DD.

Farase un calendario de titorías, previa cita por parte do alumnado, para desenvolver o seguimento das tarefas propostas no plan de recuperación, que poderán ser dende probas teóricas, fichas teóricas, traballos, exposicións, organización de actividades e probas prácticas. Neste calendario estableceranse tamén as datas das probas para

superar os contidos, e o tipo das mesmas.

O cálculo numérico da nota farase igual que no procedemento de cualificación do curso.

Unha vez establecido o calendario da ABAU, e de non ter superado a materia fixarase unha proba final extraordinaria. Na dita proba o alumnado deberá superar todos os contidos da materia establecidos os mínimos de consecución, para acadar o aprobado cun mínimo de 5..

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

Alumnado con espectro autista:

- Aplicación xeral do protocolo de actuación con o espectro autista
- Procurar ambiente de traballo estruturado, predecible e fixo. Indicacións precisas e claras, sen modificacións nas

explicacións tanto teóricas como prácticas.

- Distribución de espazos, onde estea clara a actividade a realizar e os materiais na clase práctica, que se usaran.
- Traballo de tarefas que potencien o máximo a autonomía persoal.
- Utilizar estratexias e metodoloxías que potencien o aprendizaxe sen erro (mando directo, asignación de tarefas na execución práctica e teórica)
- Realizar con todo o grupo, tarefas que promociónen a comprensión, respecto e tolerancia as diferencias e colaboración grupal. Promocionar o traballo colaborativo en pequenos grupos.
- Redución de elementos de distracción, que faciliten a concentración e atención.(ambiente na medida do posible non ruidoso..
- Uso de mapas conceptuales e esquemas, na parte teórica, como apoio a explicación, resaltando as ideas ou conceptos importantes.
- Descomposición das tarefas ou actividades en pequenos items, que informen dos pasos a dar para realizar a tarefa.
- Atención os problemas de procesamento sensorial, e adaptacións metodolóxicas e das tarefas nas sesións prácticas, usando sinais acústicas ou visuais, se fose necesario, para sinalar tempo de traballo, descanso, etc.
- Garantía de comprensión e asimilación das normas, dirixíndose expresamente o alumno/a.
- Adaptacións na programación, metodoloxía, tempos de traballo e tarefas, se fose necesario.
- Coordinación e intercambio de información con pais, orientación, tutoría sobre o traballo. reforzo ou modificación do mesmo na clase.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

ATENCIÓN ESPECÍFICA PERSONALIZADA

a) Préstase atención aos alumnos con problemas de columna, coma escolioses, cifoses.

Vixiar que non fagan algúns exercicios de forza ou actividades como:

Carga aos compañeiros.

Arrastres

Lanzamentos

Xogos con balón medicinal.

Exercicios de autocarga que requiran esforzo da columna.

En bacharelato no farán o test Burpee..

Nos casos severos , non farán saltos e longas carreiras.

O médico sinalará os exercicios e actividades físicas que pode e non pode facer.

b) Os alumnos con asma fan todas as actividades excepto aqueles que presente xustificante médico con algunha indicación específica. Sempre comezarán as actividades con pouca intensidade dándolle máis tempo ao organismo para que se adapte ao esforzo. Deberán rematar as probas. Non se lles aplica o baremo do test Cooper, do test Burpee. Cooper

c) Alumno con dificultade para compartir actividades, problemas de relación social, prestar atención especial a participación, a integración e o comportamentos nos xogos e deportes de equipo.

d) Alumnos que teñen problemas de coordinación motriz, corrixir prestándolles máis atención.

e) Alumnos con absentismo escolar, control e comunicación da falta de asistencia o mesmo día.

f) Alumnos con problemas cardíacos que non estean exentos: Atender as indicación do xustificante médico.

En xeral:

Controlar que non fagan esforzos intensos.

Vixiar a participación nos xogos de carreiras.

Facer pausas de recuperación.

Atención especial nas actividades competitivas.

Non fan as seguintes probas: Carreira Continua

Test Cooper Test Burpee

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial				X		X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade						X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade				

Observacións:

A comprensión de lectura traballarase en todas as UU.DD. a través da proposta de lecturas que aborden a temática da U.D.

A expresión oral valorarase nas exposicións que deba facer o alumnado, así como na dirección de partes das sesións de clase (quecemento, por exemplo).

A expresión escrita traballarase a través das tarefas de redacción, recensión e nas probas escritas.

A comunicación audiovisual traballarase nas tarefas propostas ao alumnado sobre contidos da U.D.

A competencia dixital traballarase tanto a través do uso da aula virtual, como das aplicacións que se empreguen para desenvolver os contidos das diferentes UU.DD.

O emprendemento social e empresarial traballarase nas UU.DD. de primeiros auxilios, orientación, actividaes acrobáticas e rítmico-expresivas, a dramatización e a animación socio-deportiva, xa que se proporá ao alumnado facer representacións ante colectivos fora do centro, así como a organización de eventos no medio natural.

A educación emocional e en valores traballarase ao longo do curso a través das diferentes UU.DD.

A igualdade de xénero está presente en todo o currículo e polo tanto en toda a programación, especialmente a teremos presente en aquelas UU.DD. nas que os prexuízos poden influir nas ideas preconcebidas do alumnado.

A creatividade, aínda que presente en todas as tarefas motrices, traballarase principalmente nas unidades de actividades acrobáticas e rítmico-expresivas, e de dramatización.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Carreira de orientación.	Desenvolver na contorna do centro unha carreira de orientación, no ámbito urbano ou natural.			X
Representación dunha función individual ou colectiva	Representar ante as compañeiras ou compañeiros ou ante colectivos axenos ao centro, unha dramatización colectiva.		X	X
Saída en bicicleta.	Facer un percorrido pola contorna do centro en bicicleta, respectando as medidas de seguridade.			X
Obradoiros e talleres relacionados coa nutrición, imaxen corporal e deporte e primeiros auxilios	Obradoiros realizados nas horas de clase de E.F en colaboración co Dpt de Orientación levados a cabo por entidades do entorno relacionadas coas materias.	X	X	X
Día do deporte no centro	Realización dun día do deporte no centro en formato gimkana, invitando a entidades deportivas do entorno a impartir talleres-obradoiros polo que os alumnos dos diferentes cursos iran rotando durante todo o día, para aproximar os rapaces a práctica de actividades físico-deportiva e coñecer as opcións do seu entorno			X
Saída a realizar actividades físico-deportivas no entorno natural	Excursión duns días para a estancia e realización de actividades no medio natural e acuático nunha localidade detemiñada		X	X
Proxecto " Pedalear e leer: O Camiño de Santiago Francés"	Actividade de fomento da lectura e a actividade física nas horas de lecer, na biblioteca, superando retos-etapas, pedaleando mentras se lee en pedaleta estática, con premios por recorrido e puntos en E.Física	X	X	X
Torneos deportivos nos recreos	Diferentes competicións o longo do ano, nos recreos, con finais no último trimestre	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias desenvolveranse unha vez rematadas as UU.DD. nas que se desenvolven os contidos, concretamente as unidades 7. Orientación; 11. Dramatización e ritmico-expresivas , e 12. Animación socio-deportiva no medio natural e urbano.

Os obradoiros e talleres, se realizarán cando as entidades que os imparten, nos comuniquen as datas dispoñibles coordinadoas cos horarios das sesións de E.F e en colaboración estreita co Departamento de Orientación e a participación ou colaboración puntual de outros Departamentos como o de Ciencias; Música...

E a saída con estancia de actividades fisico-deportivas e no medio natural, será no último trimestre, preferiblemente en Maio-Xunio, en datas a determiñar

Proxecto de "Pedalear e leer: O Camiño de Santiago Francés": Promoción da lectura e aproveitamento do tempo de lecer, fomentando o exercicio físico, a través de retos-etapas, do Camiño de Santiago, a recorrer pedaleando en pedaleta estática (con cuenta-km) e con premios e puntos de consecución de etapas-retos. Proxecto interdisciplinar

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Metodoloxía empregada
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
Clima de traballo na aula
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓN E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UU.DD. como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

ESCALA DE VALORACIÓN ED. FÍSICA:

Curso e Grupo: Avaliación: Curso:

1 2 3 4

- a. As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron:
- b. As medidas de atención a diversidade foron:
- c. A organización para desenvolver a programación foi:
- d. O aproveitamento de recursos foi:
- e. A coordinación do profesorado de cada curso foi:

- 1. Mala
- 2. Regular
- 3. Aceptable
- 4. Boa

Resumo das actuacións do Departamento no proceso de ensinanza

FASE PRACTIVA

- Elaborar o revisar a programación didáctica e as programacións de aula.
- Decidir a organización de tempos, espazos e os recursos didácticos básicos que vanse utilizar para traballar os contidos e os criterios de uso.
- Diseñar o modelo de informe de avaliación sobre a progresión dos aprendizaxes e como será comunicado aos pais e aos propios alumnos.
- Diseñar o procedemento, instrumentos e calendario para avaliar a práctica docente.
- Diseñar as actividades complementarias e extraescolares e as actividades de perfeccionamento.

FASE INTERACTIVA

- Diseñar as actuacións pedagóxicas no caso dos alumnos que non acaden o nivel establecido.
- Analizar os resultados globais de cada avaliación.
- Avaliar as programacións didácticas e introducir, se e necesario, as correccións oportunas.
- Informar sobre a progresión dos aprendizaxes aos pais e aos propios alumnos.

FASE POSTACTIVA

- Organizar, deseñar e realizar as probas necesarias para os alumnos coa materia pendente.

- Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos formulen ao Departamento e emitir os correspondentes informes.
- Analizar os resultados obtidos.
- Avaliar a práctica do- cente, revisar as progra- macións e introducir as correccións oportunas.
- Avaliar o funcionamen- to do Departamento
- Elaborar a memoria fi- nal de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados